

Xornadas: Políticas culturais municipais, 40 anos despois.
Consello da Cultura Galega
Santiago de Compostela
22 de abril de 2022

Héctor Pose
Universidade da Coruña

Limiar

A teoría que levo escrito en máis de dúas décadas froito da investigación e da práctica está publicada. A ela me remito. Só vou ollar para atrás nesta palestra, en dúas ocasións. Unha para dar uns trazos grosos do que se estilou en políticas culturais locais en xeral ata de agora, nomeadamente nos concellos medianos e pequenos. As cidades merecen unha reflexión específica. Outra para me despedir cunha mención de honra.

Reafírmome na crenza de que se debería desde o local explorar novos vieiros en nome da cultura diante das necesidades e dos desafíos tanto individuais como comunitarios. Eses novos camiños veñen dados ao facer saltar polos aires os límites orgánicos que a encorsetan, por arriscar e innovar probando mesturas novas, desde a humildade de recoñecer que os concellos precisan de envolver a outros axentes para mudar significativamente unha realidade.

As políticas culturais seguen sen estar consideradas como elementos centrais dos piares do noso Estado do Benestar. A cultura aparece nos preámbulos e apenas nada nos articulados das leis; a cultura pertence á discrecionalidade do responsable político de quenda e non aos dereitos cidadáns; a cultura é un complemento e non un continxente; a cultura, para a maioría dos cargos eleitos, está na periferia e non na centralidade da acción local.

12 reflexións breves para o debate

1. Non ampara este labor dos concellos un marco normativo-legal, malia de 43 anos de democracia local, senón a vontade fluctuante de quen governe. É, a miúdo, mesmo non tanto o partido, senón a persoa (polo seu peso específico nese goberno, sensibilidade, formación, mesmo o carácter...) quen determina o quefacer cultural municipal.

Isto provocou demasiada indefinición, malas copias e bastante ineficacia. No nome da cultura lévanse feito moitas tropelías ao criterio profesional.

Diante da inexistente normatividade que esixa no quefacer cultural da Administración Local, un tiña a esperanza de que documentos propositivos como a Axenda 21 da Cultura, a Carta de Cidades Educadoras ou o Movemento de Cidades Amigas da Infancia, mesmo a Axenda 20-30 cos Obxectivos do Milenio foran tomados como follas de ruta das políticas activas da cultura, mais non son o común obrar.

Esa feble consideración social da cultura, leva xerado tal casuística no quefacer municipal como a que resumo aquí (e avanzo a niña desculpa pois todo resumo é inxusto, xa que deixa matices non menores):

- a) Inexistencia de Plans de Acción Cultural de municipio como instrumentos de planificación estratéxica coparticipada de como queremos vivir nese concello.
- b) Excesivo predominio da cultura do entreter. Sobran fastos vacuos e ocorrencias estériles que lapidan recursos e non cambian nada para mellor. A cultura desde a administración debe procurar a transformación social.
- c) Xestión cultural si, tamén e por suposto e mesmo especializada, mais labor sociocultural tamén. Ambas liñas non son excluíntes e deben procurarse ao unísono. Unha sen a outra, lástranse

mutuamente. A cultura como dereito, si, mais tamén os dereitos das culturas.

- d) Equipamentos de proximidade, a miúdo, sen criterios supramunicipais e de sostibilidade. Hai unha morea deles espallados polo país que malviven faltos de insuflarlle recursos humanos, económicos e mesmo outro modelo de xestión e visión.
- e) Escasísima tradición de argallar proxectos entre municipios mesmo limítrofes (da mesmo cor política, polo que nese sentido, non hai desculpa) e axentes locais. Sabemos dalgún, mais son a excepción, non a regra.
- f) Oscilación no quefacer: quen entra a gobernar adoita expurgar o labor do anterior ou faise segundo haxa ou non subvención. A miúdo, obsérvase un barbeito cultural. Isto xera precariedade de profesionais e de programas. Isto malgasta recursos públicos e, o que é peor, dilapida expectativas cidadás.
- g) Non toda Galicia está “ocupada” por ese xeito de obrar. Existen “aldeas de Asterix” que fan cultura expandida, atenden aos múltiples patrimonios, establecen plataformas de participación vinculantes... mais son tan poucas que non son quen de marcar tendencia.
- h) Preocupante e teimudo distanciamento entre a ciencia e a política: o científico propón e o político ao seu. Xa que logo, menos fe partidista e máis ciencia.

Neste sentido, bótounse en falta unha maior incidencia influente e pedagóxica por parte da Xunta de Galicia ou das Deputacións (aínda que xeneralizar é inxusto tamén aquí). Ambas institucións teñen lexitimidade e recursos para aleccionar e non só subvencionar a fondo perdido. É a súa responsabilidade.

2. A razón de ser do quefacer sociocultural municipal é fomentar o sentido e a sensibilidade.

Por sentido entendo favorecer o acceso a coñecementos e diversas aprendizaxes a través da intervención socioeducativa e a educación cultural: isto é, superar o modelo cultural de entreter.

Por sensibilidade, entendo a concienciación, o espírito crítico, os valores positivos en toda a cidadanía, non só na infancia.

3. En vez de argallar o quefacer cultural (mesmo desde o punto de vista da programación) en base ao calendario cíclico e manido de: Nadal, Entroido, Semana Santa e Verán, facelo a teor doutros binomios moito máis “promíscuos”: velaí ideas...

Cultura e biocomunidade

Cultura e soidade

Cultura e beleza

Cultura e saúde

Cultura e culturas

Cultura e furtivismos

Cultura e dereitos humanos

Cultura e morte

Cultura e innovación social

Cultura e alimentarse

Cultura e despoboamento (o 87% dos nosos concellos teñen menos de 6.000 habitantes). As vilas pequenas que vertebraban Galicia desárganse e teño a sensación de que estamos vendo vir o peor e seguimos como se tal cousa, tal cual a orquestra do Titanic. Morre xente, non hai alumeamentos como décadas atrás e os veciños novos son contados...xa que logo, que propón a cultura?).

4. Xa toca afondar na democracia cultural: por exemplo, parte dos equipamentos locais ofrecerse como residencias para colectivos, como laboratorios experimentais e aniñadores de emprendeduría social e creativa. Mentres, ao fío, se dan un tempo para repensarse. Hai experiencias, claro que si, pero non son o xeral proceder. Falta madurez democrática por parte “dos propietarios”?
5. Tecer fíos; guindarse bozas, estachas mesmo cadeas entre equipamentos de proximidade (chámanse así e son tan lonxanos para demasiada xente!) e outros axentes públicos e privados do

municipio. Si, privados tamén. Cada quen cos seus lexítimos obxectivos, pero con luz e taquígrafo.

Isto é crear comunidade. Hai que facer moita costura social: a convivencia non é doada, pero é moito máis danina a relación tabicada que impera en moitas localidades entre o Concello e a Confraría de Pescadores; entre a Igrexa e a Asociación de Hostalería; entre o clube de fútbol e os propietarios de Montes; entre Asociación contra o Cancro e as ANPAs; entre a Comisión de Festas e a Autoridade Portuaria...entre a ducia de persoas dun partido e os catro doutro...Fálanse apenas, moito entre dentes, e iso non é falar.

Os problemas son transversais, as solucións tamén. Hai que desaprender. Empézase desaprendendo poñendo a mellor das vontades. Isto non é ser inxenuo, é poñer en valor outras dinámicas políticas. A apertura, a confianza, o diálogo, o convivir pedagóxico, a colaboración horizontal... deben ser principios que rexan a relación entre os axentes. Iso é política cultural municipal tamén ou sobre todo.

Diante das problemáticas e os recursos sempre insuficientes, cómpre PALILLAR proxectos compartidos: revisar por Deus o modelo de festas (máis inclusivas); kioscos de praia, cafés-centros de día xestionados por colectivos sociais; que a mellor infraestrutura pública deportiva (o clube de fútbol) non sexa só para homes mozos no século XXI; acordar coa Igrexa o uso sociocultural de moitos das súas propiedades (Hai párrocos que xa o fan, hai concellos que tamén)

6. E falando de tabiques, proponho derrubar os interdepartamentais nos organigramas municipais. Avogo pola acción cultural transversal: que sexa cotián o labor diante de necesidades cidadás do servizo de obras co de cultura: en verdade credes que o deseño do cemiterio municipal é tarefa exclusiva do arquitecto? A política de mobilidade pódese

deseñar sen a visión cultural? E a turística? Ou a medioambiental? O deseño e xestión do espazo público? Que concello ten un mapa de ruídos, de contaminación acústica, lumínica ou estética?

7. Cando a educación é responsabilidade de todas as áreas municipais estamos promovendo un cambio cultural cara a calidade de vida entre a veciñanza e o medio.

Neste sentido, e como exemplos sinalar tres liñas de traballo:

7.a Xa é hora de desenterrar o concepto de participación social como dereito pasivo (asistir, ser informado...) e desenvolvelo cara algo máis vinculante e proactivo, por exemplo, na xestión dos bens patrimoniais. E son máis concreto con outro exemplo: impulsar unha nova praxe gobernativa (transparencia real, datos abertos, rendición de contas, avaliación do quefacer e amosar os resultados, interactividade nas webs municipais...). Isto conséguese empoderando ás persoas que exercen cargos públicos, mellorando a súa formación e sensibilización desde as escolas de cadros dos partidos políticos, facéndolles ver as potencialidades de acudir a xornadas coma esta...

7.b Urxe renovar a narrativa construída desde o municipalismo sobre a muller. A administración local é moi dada a xestos e pouco a feitos en coherencia. Por exemplo: Rótulo á entrada da vila con “Concello libre de violencia machista” e tras catro décadas de democracia local nunca unha muller alcaldesa (e non digo que o vaian facer mellor que os homes, pero cando menos o farán tan mal ou tan ben coma eles, e senón velaí Tomiño ou Viveiro ou Moaña). Outro caso: Balcóns da Casa do Concello coa bandeira multicolor do arco da vella e subvenciónanse actividades que discriminan e mesmo vexan á muller e o homosexual.

Propoño:

- Incluir a perspectiva de xénero en todas as propostas municipais.

- Fomentar a visibilidade do feminismo
- Revisar as narrativas nos museos locais, no mapa de rúas (A Coruña: 150 homes, 7 mulleres)
- Promover o uso equitativo nas infraestruturas públicas.

7.c É certo que no municipalismo produciuse un avance en servizos, pero fíxose moito mal por acción ou inacción, ao territorio, á ordenación, á arquitectura, á calidade estética das vilas. O derrubar por derrubar, o asfaltar por doquier, a incontinencia construtiva, o feísmo son unha catástrofe cultural, é indigno en moitos casos. Propoño:

- Asumir a cohesión e a beleza do territorio como símbolo de igualdade e identidade colectiva.
- Mercar terreos e construcións de valor para preservalos.
- Ter en conta o criterio asesor de pensadores da cidade desde o punto de vista medioambiental e estético.

8. Apostar polas infraestruturas sociais que aniñan capital social. Fronte ao galgante individualismo e lecer tecnolóxico hai que alentalas. Isto esixe coidadosa planificación, investimento inicial e sostido. Cando non existen ou deixamos que se deterioren tamén se lesionan os alicerces da vida comunitaria.

Areais, parques, hortos urbanos, prazas, circuitos para andar e exercitarse, canchas polideportivas, adros que son xardíns ou **centros de día para a terceira idade**. Non abonda que exista un local, hai que procurarlles calidade e sentido inclusivo!!! É de xustiza social.

9. Observo que moitas iniciativas denominadas culturais están deseñadas para atraer ou cumprimentar ao visitante e non para empoderar ao veciño/a.

Cómpre traballar menos desde a perspectiva urbana da lóxica dos eventos con nomes en inglés e traballar máis con proxectos comunitarios (onde o evento é un mero complemento no proceso, pero non o fin).

O enfoque turístico da cultura talvez sexa reconstituínte para a autoestima e ego do político ou do técnico e para a economía duns poucos, (sobre todo o todopoderosos lobby hostaleiro) pero véxolle secuelas perversas: folclore cosificado, historia banalizada, moita vulgaridade...

Preocúpame a deriva nas propostas influenciadas polas modas efémeras, copiar o que se fai noutro lado sen territorializar no noso ou as tendencias tópic nas redes sociais. A oferta adoita estar coacionada pola moda, pola ansiedade do último e prefería outros criterios máis sostibles.

10. Pensar a acción cultural debido ao imparable acceso a través do dixital. Hai cidadáns que “viven” xa case no metaverso a súa cotianeidade. Diante desta realidade, posúe recursos un concello mediano-pequeno para atender ditas demandas? Debe adentrarse aí?

Si. Pode. En ámbitos como a participación social, a interactividade cidadá, as bibliotecas, a información local, nun repositorio das actuación artísticas locais (concertos, charlas, presentación de libros, podcasts, video-relatos dos vecinos/as...)

11. Un técnico cultural preguntoume hai uns días en que andaba agora...

Conteille que, ademais de formar a futuros educadore/as sociais, estou en cousas coma estas:

- 12a. Argallar o proxecto do Atlas Literario da Coruña: un mapa de mapas da lectura e da escritura da cidade. Un equipo de 10

persoas (enxeneiros de telecomunicacións, filólogas, sociólogo, pedagogos e educadores sociais), que traballemos na liña de aproveitar turística, cultural e educativamente o patrimonio literario da Coruña...e que sirva de metodoloxía para outras cidades.

12b. Fomento da participación infantil e adolescente na vida pública. Un proxecto entre 4 universidades españolas que ímoslle procurar continuidade cun proxecto europeo.

12c. Ver o labor educativo e social que poden desenvolver os clubs de fútbol de elite. O 28 deste mes estarei en San Mamés co director da Fundación do Athletic de Bilbao vendo o que fan.

Sorprendíuse o meu colega, mais esos temas son política cultural, por suposto que se se ten a visión integral e de interdependencia entre políticas locais.

12. Como técnico do sociocultural, senón exerces a curiosidade en cada instante, non terás información veraz. Terás o material do común (que é importante que o acades, por suposto, pero non abonda para anticipar problemáticas ou ter máis posibilidades de acertar co que ideas).

A raíz do proxecto xerfa comandado polo prf. José Antonio Caride, son máis consciente do que ata unha xefatura política intervencionista en exceso; o que desactiva un xefe/a acomodado e que é case máis un comisario/a político; son consciente do que desanima e queima a rutina laboral cando se abusa do voluntarismo ou se quere abranguer demasiado; se fora crente, rezaría para que medrase a curto prazo a consideración social en Galicia da cultura...mais malia todo eso, ánimosos a non perder a inquietude, a sensibilidade, a asumir o risco, mesmo a certa irreverencia profesional...abriredes vieiros.

Considero imprescindible manter unha fluida e cooperante relación da formación e a investigación coa práctica. Ese é o xeito de mellorar ambas e, xa que logo, a realidade.

Deixémonos de prexuizos que distancian e mingua o potencial de ambas. A teoría aguanta da práctica, dalle razón de ser, sentido. A práctica experimenta, creando corpus científico.

Epílogo

Ollando para atrás, e agora fago a segunda referencia histórica, fíxose moito, estamos mellor que hai corenta anos, sen dúbida. E iso foi á base de facer e errar, de perseverar, do exemplo de minorías políticas, do quefacer pioneiro de técnicos como Xan Bouzada, Xosé Manuel Rodríguez, Xosé Manuel Eirís, Benito Losada, Luis de Cambados, Alfonso de Narón, Manolo Rúa, Fernando Lavandeira, Xavier Camba, Gustavo do Barco, Ana Barba, Pili de Foz, Madó de Muros, Sonia de Arteixo, Mario de Cervo, Monti de Verín, Carmen de Carballo...).

Se o corpo vos pide dar un aplauso, vai para esa boa xente.

Grazas!